



## GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, concelleiro do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, presenta ante o Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte PROPOSICIÓN relativa a que o Concello **coordine o funcionamento e supervise as contas dos centros socio-culturais e instalacións deportivas de titularidade municipal.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Pontevedra, segundo recolle o avance da actualización do Inventario de bens inmobles (rematado a finais de 2016 e pendente de aprobar polos órganos de goberno competentes), conta con diversos equipamentos municipais nos barrios da cidade e nas parroquias, destinados a actividades de índole cultural, social e deportivas.

Entre as instalacións deste tipo están os centros socio-comunitarios de Monte Porreiro, Sur, Gorgullón, Leste, Salcedo ou Pontesampaio, e os pavillóns multiusos e polideportivos, ademais de diversos campos de fútbol localizados na Xunqueira e nas parroquias.

Na actualidade non hai constancia de ningún convenio, regulamento, protocolo ou documento administrativo que regule a cesión e uso destes equipamentos municipais. Porén, aínda que opta por cedelos a diversos colectivos e asociacións, o Concello corre cos gastos correntes (mantemento, subministración eléctrica, abastecemento de auga ou seguro de responsabilidade civil), como queda reflectido nos seus sucesivos Orzamentos xerais.

Á parte de actividades organizadas e financiadas polo propio Concello, como os cursos do Centro de Información a Muller (CIM), nestes equipamentos tamén se desenvolven actividades formativas, culturais e de lecer que (a través das cotas dos usuarios) xeran uns ingresos económicos sobre os que non hai un control e seguimento municipais.

Marea Pontevedra entende que nos espazos onde se realizan cursos, programas e obradoiros comunitarios de carácter cultural, deportivo, formativo ou lúdico é obriga do Concello dispoñer os mecanismos e ferramentas necesarias para que quede garantido o seu correcto funcionamento. Isto debe incluír a supervisión das súas contas e, asemade, a total garantía de que a súa actividade se desenvolve en condicións de igualdade para todas as persoas, evitando así situacións de xestión discrecional.

Por todo o devandito, o GM de Marea Pontevedra presenta ao Pleno a seguinte

#### PROPOSICIÓN:

1. Instar á Xunta de Goberno Local a promover a coordinación do funcionamento e actividades dos centros socio-culturais e instalacións deportivas de titularidade do Concello, destinando para garantir iso persoal municipal en número suficiente.
2. Instar á Xunta de Goberno Local a supervisar as contas dos últimos catro tres anos nos centros socio-culturais e instalacións deportivas de titularidade do Concello por medio dos servizos de Intervención do Concello.

Pontevedra, 3 de xaneiro de 2019

Luís Rei Núñez

Concelleiro de Marea Pontevedra

